

NOTA DE PRENSA

Os Monicreques de Kukas presentan **DON GAIFEROS** en Brión o 22 de outubro do 2022.

Patrocinada pola Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Brión dentro do programa O TEU XACOBEO da Xunta de Galicia a representación do espectáculo DON GAIFEROS corre a cargo da coñecida compañía compostelá Os Monicreques de Kukas (*Premio Galicreques 2021, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio da Cultura Galega das artes escénicas 2019, Premio Xiria 2019*).

Don Gaiferos é unha espectáculo de teatro con monicreques de fíos e música en directo que partindo do romance popularizado por Faustino Santalices e incorporando cancións e músicas do folclore galego conta un dos milagres atribuídos ao Apóstolo Santiago que narra a viaxe do peregrino francés Don Gaiferos de Mormaltan ata chegar a Compostela.

Nesa viaxe atemporal ao longo do Camiño atoparase con personaxes representativos do mesmo e con peregrinos e peregrinas procedentes de diferentes partes do mundo, así como os xigantes e cabezudos do Corpus de Lugo, todo tipo de tentacións diabólicas e ata ao mesmo Apóstolo Santiago. Interpretada por Borxa Insua, Ero Vázquez, Marian González, Isabel G. Coldeira, Marcelino de Santiago, Aldara Palmeiro e Tome Mouriño baixo a dirección escénica e artística de Isabel Rey Pousada e o propio Marcelino de Santiago (Kukas).

O espectáculo Don Gaiferos contou coa axuda á produción da Axencia galega de industrias culturais (Agadic) da Xunta de Galicia e o concello de Santiago.

A representación terá lugar en Brión o sábado 22 de outubro do 2022 ás 20,00 horas no Centro Social Polivalente.

Dirixida a todos os públicos (preferentemente maiores de 6/8 anos)

Máis información:

Isabel Rey Pousada

609884630

monicreques@hotmail.com



